



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZASETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (14/2025)

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día dezasete de outubro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 19 de setembro de de 2025
- 2.- Aprobación da acta da sesión do día 1 de outubro de de 2025
- 3.- Aprobación da acta da sesión do día 13 de outubro de de 2025
- 4.- Dar conta do Informe da Secretaría-Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 3º trimestre de 2025
- 5.- Ratificación da resolución da Alcaldía núm. 315/2025, de 3 de outubro, de aprobación de proxecto modificado do POS+ Complementario 2025 (Expediente Tedec núm. 2025/G003/000323)
- 6.- Adhesión á declaración institucional da FEMP con motivo do Día internacional das Mulleres Rurais
- 7.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de setembro último
- 8.- Asuntos urxentes
- 9.- Rogos e preguntas

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. O Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, manifesta que non vai votar porque non asistiu a esa sesión. Deseguido procédese á votación. O resultado é de 7 votos a favor (PSOE e PP), ningún voto en contra e 1 abstención (BNG). Xa que logo, a acta da sesión do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

día 19 de setembro de 2025 queda aprobada por maioría, coa abstención reflectida, e sen ningunha obxección. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Non se producen intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes. Xa que logo, a acta da sesión do día 1 de outubro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Non se producen intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes. Xa que logo, a acta da sesión do día 13 de outubro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

4.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 3º TRIMESTRE DE 2025

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000018, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2025

Don Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-Interventor do Concello de Monfero,

INFORMA

Que con data de 13 de outubro 2025 se comunicaron os datos relativos ao PERÍODO MEDIO DE PAGO GLOBAL do terceiro trimestre do exercicio 2025, de conformidade ao artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e de conformidade ao establecido na Disposición Transitoria Única do Real

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos do réximes de financiamento, previsto na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas do programa Sicalwin, que agás erro ou omisión involuntaria, indícanse deseguido:

PMP TRIMESTRAL

RATIO OPERACIÓNS PAGADAS	IMPORTE DE PAGOS REALIZADOS	RATIO DE OPERACIÓNS PENDENTES DE PAGO	IMPORTE DE PAGOS PENDENTES	PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO TRIMESTRAL
15,17	527.367,75	11,93	32.234,87	14,98

Infórmase de que o período medio de pagamento trimestral desta entidade correspondente ao 3º trimestre 2025 non supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días,

Monfero, 13 de outubro de 2025.

O Secretario-Interventor, Baldomero Beceiro Alonso”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o período medio de pagamento está en 14,98 días, que neste trimestre se cumpriu porque o que marca a lei como máximo son 30 días. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e declara que o Pleno toma razón.

5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 315/2025, DE 3 DE OUTUBRO, DE APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DO POS+ COMPLEMENTARIO 2025 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2025/G003/000323)

A resolución da Alcaldía núm.315/2025 á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G003/000323, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, e transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: EMENDAS POS+ADICIONAL 2/2025 PARA INVERSIONES FINANCIERAMENTE SOSTIBLES
EXPEDIENTE: 2025/A008/000011

ANTECEDENTES:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver o requirimento efectuado pola Deputación provincial sobre a documentación relativa ao investimento incluído no Plan Complementario ao POS+2025 para participar no Plan Adicional 2/2025, regulado pola Base 13 das reguladoras do POS+ 2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, destinado á realización de investimentos financeiramente sostibles, en concreto sobre as deficiencias detectadas no proxecto inicial, e o logo de ver o novo proxecto técnico modificado (setembro 2025), considerando que as modificacións que contén afectan exclusivamente a cuestións técnicas e que non varía o seu importe, localización nin terreos afectados e a urxencia da súa emenda, para o levantamento de condicións do Plan aprobado.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte proxecto modificado

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Modificado proxecto mellora da capa de rodadura en viais nas parroquias de Alto Xestoso, Queixeiro, Vilachá e Val Xestoso (setembro 2025)	281.149,40	63.416,47		63.416,47	344.565,87
TOTAL	281.149,40	63.416,47		63.416,47	344.565,87

SEGUNDO.- Proceder ao seu envío á Deputación provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que realice, para a súa ratificación, á que queda vinculada, por tratarse de obras de Plans provinciais.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde en funcións. (Asinado pola secretaria para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

O Secretario,Baldomero Beceiro Alonso"

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que houbo un requirimento de emenda de erros da Deputación con respecto a este proxecto porque detectou unha serie de deficiencias no prego de prescricións técnicas, á xestión de residuos e tamén nos custos indirectos, que xa se corrixiron e se enviou todo á Deputación.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a resolución da Alcaldía núm. 323/2025, de 3 de outubro, de aprobación do proxecto modificado do POS+ Complementario de 2025 á que se refire este punto da orde do día, é ratificada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

6.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES RURAIS

A Declaración institucional da FEMP con motivo do Día internacional das Mulleres Rurais á que se refire este punto da orde do día consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C010/000014, enviouse, ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DEL DÍA INTERNACIONAL DE LAS MUJERES RURALES

15 de octubre de 2025

La ONU fijó en 2008 el 15 de octubre como Día Internacional de las Mujeres Rurales, una efeméride que reconoce y reivindica el papel esencial que desempeñan en el sostenimiento y desarrollo de nuestros territorios rurales. Las mujeres suponen un pilar fundamental en el sector primario, en la agricultura y ganadería, en los cuidados, en el emprendimiento, en los pequeños negocios y en la vida comunitaria. Gracias a la mujer rural podemos afrontar problemas que sufren nuestros pueblos, como el abandono y la despoblación, pero su día a día sigue marcado por profundas desigualdades.

En España, solo el 28,5% de las personas titulares de explotaciones agrarias son mujeres, y más del 60% de ellas tienen más de 55 años. Especialmente vinculadas al sector primario y a la industria agroalimentaria, las mujeres también son quienes sostienen muchas pequeñas empresas familiares, protagonizan la atención en los consultorios médicos y la docencia en escuelas unitarias, son el alma del comercio local y sostienen la vida asociativa que mantiene unidos a los vecinos de nuestros pueblos. Muchas son emprendedoras que han abierto negocios en sectores tan distintos como la artesanía, el turismo rural o la innovación tecnológica aplicada a su entorno.

En el ámbito de los cuidados, las mujeres rurales dedican al trabajo doméstico y de cuidados más del doble de tiempo diario que los hombres (32,5 millones de horas frente a 14,7), lo que limita sus



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional. Mozas de elas, ademais, han sido persoas inmigrantes que pouco a pouco se han ido integrando en nosos pobos.

En definitiva, o papel de as mulleres rurais abarca todos os ámbitos que dan vida e futuro ao medio rural. Pero, desgraciadamente, a brecha de xénero en o acceso a servizos, emprego estable, formación e participación política é máis acusada en o medio rural que en o urbano. A pesar de os avances, os datos mostran que as mulleres rurais seguen afrontando unha dobre discriminación, a de vivir en entornos con menor acceso a recursos e a de xénero.

Por todos estes motivos, desde a FEMP, facemos un llamamiento a todas as administracións públicas, e especialmente a os gobernos locais, para que refuercen a súa implicación en a promoción de a igualdade en o medio rural.

Por ello, en este Día Internacional, a FEMP e os gobernos locais expresamos nosro compromiso de:

1. Reconocer e dar visibilidade ao traballo de as mulleres rurais, valorando a súa aportación en todos os ámbitos de a vida local.
2. Traballar por a garantía do acceso equitativo a servizos esenciais — Sanidade, Educación, Conectividade e Transporte— como base para unha igualdade real e efectiva.
3. Impulsar o emprendemento feminino, promovendo emprego digno e a innovación e os programas de apoio específicos en o medio rural.”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que supoñe que o lerían todos. Que pretenden aprobar esta Declaración da FEMP con motivo do Día da Muller Rural, e máis nun municipio como Monfero que é eminentemente todo rural. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a adhesión a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a adhesión do Concello á Declaración Institucional da FEMP con motivo do Día internacional das Mulleres Rurais á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

7.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO ÚLTIMO

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de setembro de 2025, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2025

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00268/2025	CONTRATACIÓN CONDUTOR SUBSTITUCIÓN VACACIÓNS	2025-09-01 13:40:00
00269/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-09-01 13:44:00
00270/2025	LEVANTAMENTO DE REPAROS RELACIÓN FACTURAS 042XRRSE/2025	2025-09-03 10:34:00
00271/2025	LEVANTAMENTO DE REPAROS RELACIÓN FACTURAS 041XRRSU/2025	2025-09-03 10:33:00
00272/2025	DECRETO SAF SERVICIOS MÍNIMOS	2025-09-03 10:32:00
00273/2025	Adxudicación C. M. SERVIZO DE POLOLOXIA USURIOS/AS -SAF-	2025-09-03 10:33:00
00274/2025	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 040XRRSE/2025 CON AD	2025-09-03 10:34:00
00275/2025	LEVANTAMENTO DE REPAROS RELACIÓN FACTURAS 043XREC5SE/2025	2025-09-03 10:38:00
00276/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 04-09-2025 (30/2025)	2025-09-03 11:55:00
00277/2025	ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO AUX. ADMINISTRATIVO (5º MODIF)	2025-09-03 11:49:00
00278/2025	NOMEAMENTO AUXILIAR ADMINISTRATIVO SUBSTITUCIÓN VACACIÓNS	2025-09-04 13:29:00
00279/2025	RELACIÓN FACTURAS 047DOISE/2025	2025-09-05 14:03:00
00280/2025	RELACIÓN FACTURAS 046DRRSU/2025	2025-09-05 14:02:00
00281/2025	RELACIÓN FACTURAS 045DRRSE/2025	2025-09-05 14:03:00
00282/2025	RELACIÓN FACTURAS 044DOISUFE/2025	2025-09-05 14:03:00
00283/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-09-05 14:05:00
00284/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 10-09-2025 (31/2025)	2025-09-09 14:13:00
00285/2025	CREACION LISTA AGARDA AXUDAS TÉCNICAS	2025-09-13 02:16:00
00286/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2025	2025-09-15 14:22:00
00287/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-09-15 14:21:00
00288/2025	LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2026	2025-09-15 14:24:00
00289/2025	CONCESIÓN DE AXUDAS TÉCNICAS	2025-09-16 12:04:00
00290/2025	SOLICITUDE AXUDA MUNICIPAL EMERXENCIA SOCIAL PP, L 2/2025	2025-09-16 12:06:00
00291/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 19-09-2025 (11/2025)	2025-09-16 14:03:00
00292/2025	Adxudicación C. M. ESPAZOS DAS FAMILIAS 4ºT 2025	2025-09-16 15:49:00
00293/2025	RELACIÓN FACTURAS 052DOK/2025	2025-09-17 11:34:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00294/2025	RELACIÓN FACTURAS 051DOISE/2025	2025-09-17 13:44:00
00295/2025	RELACIÓN FACTURAS 050DRRSE/2025	2025-09-17 14:12:00
00296/2025	TAXAS DEPUTACIÓN	2025-09-18 12:57:00
00297/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 19-09-2025 (32/2025)	2025-09-18 13:47:00
00298/2025	Contratación de Obras POS+2025 / CPI	2025-09-19 15:02:00
00299/2025	CESE AUXILIAR ADMINISTRATIVO SUBSTITUCIÓN VACACIÓNS	2025-09-19 00:00:00
00300/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 24-09-2025 (33/2025)	2025-09-23 14:34:00
00301/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-09-24 12:45:00
00302/2025	Contratación de Obras POS+2025 / CPI: GARANTÍA DEFINITIVA	2025-09-24 14:30:00
00303/2025	Adxudicación C. M. ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS 4º T/202	2025-09-26 13:21:00
00304/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-09-29 10:46:00
00305/2025	NÓMINA 09/2025	2025-09-29 14:46:00
00306/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-09-30 14:36:00
00307/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 01-10-2025 (34/2025)	2025-09-30 14:43:00
00308/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA URGENTE 01-10-2025 (12/2025)	2025-09-30 15:24:00
00309/2025	EXPDTE M.C 14/2025 TRANSFERENCIAS DE CRÉDITOS	2025-09-30 21:22:00

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que tamén o teñen todos. Pregunta se hai algunha intervención e non se produce ningunha. Xa que logo, o pleno toma razón.

8.- ASUNTOS URGENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que en asuntos urgentes vai a propoñer a aprobación da proposta que queren aprobar a través de urxencia, que lles enviou ao mediodía, que non deu tempo a preparar os informes para metela na orde do día e cren que é urxente aprobala canto antes.

Prosegue, dicindo que se trata de darlle continuidade ao acordo aprobado con motivo dos orzamentos de 2025, de que ninguén do persoal do Concello cobre por debaixo do salario mínimo, para o que é preciso aprobar unha modificación da masa salarial da RPT, do persoal eventual e máis do persoal funcionario, que ao día da data non chega a cobrar o salario mínimo. Que tería que producirse tanto a actualización do salario mínimo de 2024, que está en 1.134, e que tamén queren aprobar a actualización do salario conforme ao salario mínimo de 2025, que está en 1.184. Que está sería a proposta que queren aprobar, que se lles enviou, na que teñen todo detallado.

Non se producen intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a urxencia de tratar a proposta, que é o que procede. Votase. O resultado é que votan a favor as oito persoas membros da Corporación asistentes á sesión e, polo tanto, apréciase a urxencia de tratar o



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

asunto co quórum esixido da maioría absoluta. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama e deseguido procede con el.

A proposta de acordo da Alcaldía respecto deste asunto consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2022/E005/000017 e enviouse con anterioridade á celebración desta sesión, ante a imposibilidade de facelo antes porque non deu tempo a rematala, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, con indicación da intención da Alcaldía de presentala como un asunto urxente nesta sesión. O seu texto transcríbese literalmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

SESIÓN PLENARIA DO 17 DE OUTUBRO DE 2025

APROBACIÓN DA 9ª MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA A ACTUALIZACIÓN SALARIAL AO SMI

O Real decreto 145/2024, de 6 de febreiro de 2024, fixa o salario mínimo interprofesional para o 2024 en 1.134,00 euros mensuais, sen que poida considerarse unha contía anual inferior a 15.876,00 euros, e o Real Decreto 87/2025, de 11 de febreiro, fixa o salario mínimo interprofesional para o 2025 en 1.184,00 euros mensuais, sen que poida considerarse unha contía anual inferior a 16.576,00 euros.

A Mesa Xeral de Negociación sindical sobre o proxecto de Orzamento de 2025, do pasado día 16 de xullo de 2025, alcanzou acordo respecto de garantir o salario mínimo interprofesional a todas as persoas traballadoras do Concello, acordo que quedou reflectido na acta do Pleno desta corporación da sesión celebrada en data 18 de xullo de 2025, que no punto de 7, Aprobación do Orzamento Municipal para o ano 2025, acordou literalmente:

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución do devandito orzamento, coas normas en materia de persoal e actualización da relación de postos de traballo que comporta a amortización das prazas que implica, e os importes para retribucións, asistencias e indemnizacións para os membros da Corporación que se conteñen nelas, que non varían, o Anexo de Investimentos e o Cadro e o Anexo de Persoal para o 2025, e garantir de forma expresa a percepción do Salario mínimo interprofesional vixente en cada momento para todos os postos de traballo, que se levara a cabo mediante as modificacións que sexan necesarias para adecuar o sistema retributivo ao que estableza a futura Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou norma básica habilitante.”.

Isto obriga, sen demora, a actualizar os complementos retributivos de diversos postos de traballo do Concello para facer efectiva a súa percepción, nos termos que se indican na parte dispositiva desta proposta, e, se ben desde a publicación no BOE do 2 de xullo de 2025, da Resolución do 2 de xullo de 2025, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se ditan instrucións sobre o pago ao persoal do sector público estatal do incremento retributivo adicional do 0,5 por cento vinculado á evolución do IPCA previsto no artigo 6.2 da Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e adóptanse

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social, xa se coñecen as contías definitivas dos distintos conceptos retributivos dos empregados públicos correspondentes ao 2024, o que permite a actualización necesaria para a percepción do SMI de 2024, aínda non é así con respecto ao 2025 e, ante a ausencia de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025 neste momento, na liña do regulado nas bases de execución do orzamento do Concello para 2025: “as retribucións íntegras do persoal ao servizo do Concello adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2025 ou na norma estatal básica habilitante”, e para dar cumprimento ao disposto polo artigo 21 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, canto á determinación das contías e dos incrementos retributivos, que establece que “1. As contías das retribucións básicas e o incremento das contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, deberán reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamentos” e que “2. Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal.”, debe de preverse tamén que con esta medida non se consolide un incremento que supere o límite máximo do incremento acumulado que no seu caso se permita para o 2025, que, se fora o caso, deberá de absorber este incremento total ou parcialmente.

Esta situación demanda unha aprobación urxente, sen máis trámites nin retrasos, tendo en conta que supón o acceso do persoal afectado ás retribucións ás que ten dereito e que o Concello quere aboar, de conformidade co acordado na negociación sindical, para a que considero que non proceden neste momento máis solucións que a que propoño, que entendo que se pode considerar negociada.

De acordo co exposto, e logo de ver os informes que constan no expediente electrónico asinados dixitalmente, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a novena modificación da relación de postos de traballo do Concello, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o 11 de setembro de 2009 e modificada e actualizada por última vez con motivo da aprobación do Orzamento de 2025, nos seguintes termos:

1.- Actualizar o importe vixente do incentivo ao rendemento dos postos de traballo das auxiliares de axuda no fogar, con códigos do 2321 ao 2329 que procedan, que pasará a ser de 474,56 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, e de 524,56 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2025.

2.- Actualizar o importe vixente do complemento específico dos postos de traballo das limpadoras, con códigos do 4219 e 4220, que pasará a ser de 161,84 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, e de 211,84 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2025.

3.- Os importes dos conceptos retributivos que se incrementan correspondentes ao ano 2025, que se indican nos núms. 1 e 2 anteriores, verán reducida a súa contía no importe en que, se fora o caso, se incrementa para 2025 a contía do salario base que corresponda no caso do persoal laboral, e do salario base e complemento de destino que correspondan no caso do persoal funcionario, sempre co límite de que se percibirá globalmente o incremento que se aprobe para 2025, no seu caso, que constituirá o seu mínimo se supera a contía do salario mínimo interprofesional para o 2025, sendo o importe do SMI noutro caso.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do expediente, con inmediata exposición ao público, por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio a publicar no BOP e no taboleiro de anuncios electrónico municipal, para



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

os efectos de reclamacións, conforme establece o artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o expediente. Deberase, pois, proceder á publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

CUARTO.- De conformidade co establecido na Disposición final terceira do Real decreto 145/2024, de 6 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o 2024, estes acordos terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2024 no que respecta ao abono das retribucións actualizadas.

QUINTO.- De conformidade co establecido na Disposición final terceira do Real decreto 087/2025, de 11 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o 2025, estes acordos terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2025 no que respecta ao abono das retribucións actualizadas.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación a proposta. Votase. O resultado é que votan a favor as oito persoas membros da Corporación asistentes á sesión e, polo tanto, quedan adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño. Expón que desde o seu grupo queren preguntar pola lista que pediron no pleno anterior, que non se lles trasladou no día da data e que, dentro do posible, que lla fagan chegar en canto sexa posible.

Manifesta agora que outra pregunta que tamén formularon no pleno anterior, que era acerca do campo de fútbol, que lles comentou (o Alcalde en funcións) que ían os técnicos á semana seguinte a revisalo, que tamén queren saber cal foi a valoración que fixeron os técnicos nese sentido.

Que pola súa parte non teñen nada máis.

O Sr. Alcalde en funcións contéstalle, canto á lista de obras, que se lles vale, ou se queren, que lla di agora que a sabe de memoria. A Sra. Concelleira contéstalle que mellor por escrito e o Sr. Alcalde dille que sen problema ningún.

A continuación, canto ao campo de fútbol, contéstalle que foron os técnicos de Arce, que, como dixo no pleno anterior, a valoración da semana anterior de momento é positiva, que o campo vai mellorando pouco a pouco, que parece ser que o fungo estáselle indo e que hai un pouco máis de dificultade no nacemento da nova herba. Que onte veu persoal de Arce a cortar o céspede e estiveron alí tamén e que o campo está mellorando, lentamente pero mellorando, e o importante é



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que o fungo se lle esta indo na súa totalidade e que a dificultade agora é o nacemento da herba, que non sabe se é pola época ou por outra cousa.

Intervén agora o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive. Manifesta que ten varias preguntas e pregúntalle ao Sr. Alcalde en funcións se llas fai todas ou van pouco a pouco, quen lle responde que como queira.

Pregúntalle entón cando ten pensado, máis ou menos, realizar as obras do Centro de Saúde do cableado. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que viñeron onte, trouxeron os termos para a piscina e máis para o colexio e tamén foron ao Centro de Saúde. Que a empresa á que lle tocou, Electricidad Cruceiro, foi revisar pola tarde como está a instalación e que tipo de traballos e de obras teñen que facer porque, evidentemente, van ter que ser pola tarde para non prexudicar ao funcionamento do Centro de Saúde pola mañá. Que ten que estar feita antes de que remate este mes.

Continúa o Sr. Concelleiro do BNG, preguntando do que faloron o outro día de que ía ser neste pleno o da orde de cortas. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si que o ía a traer a este pleno, pero que ao final non lles deu tempo porque houbo moito volume de traballo no tema da contratación, co da Casa do Canedo, o POS, xustificación de subvencións... tamén coa proposta de actualización do salario mínimo, e que non deu tempo e que, antes de traela ao pleno, quere reunirse cos dous voceiros dos grupos para que se aprobe consensuadamente e que a idea e levala ao pleno en novembro ou, se cren que é de urxencia, facer un extraordinario.

Pregunta agora polo PXOM patrimonial, que estaba previsto para setembro, para cando está previsto. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que hai un borrador pero que ten que ter correccións, que llo vai pasar para que vexan os erros que hai e os que non. Que faltan moitos elementos patrimoniais, sobre todo muíños, que faltan todos ou case todos, que non se van meter a maioría porque moitos xa están case ilocalizables, sobre todo nas fragas, moitos xa están derruídos. Que do resto hai parroquias que están case completas, outras menos, pero que llo pasa para que lle dean unha opinión. Que para semana que ven volve a vir o equipo redactor e a ver se traen algunha novidade ou algunha corrección xa. O Sr. Concelleiro pregúntalle polo PXOM do Concello e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que vai ligado todo, que para pasar á seguinte fase, que é a provisional, necesítase ter todos os informes listos, que non se pode enviar un informe agora se está listo e de alí a un mes outro, que hai que envialos todos xuntos, que están listos a maioría pero non se poden enviar se falta un.

Continúa o Sr. Concelleiro do BNG, dicindo que outra cousa que xa foi aprobada aquí en pleno, haberá un ano e medio ou por aí, foi a retirada da placa da Igrexa de Taboada, e que de momento aínda segue alí. Pregunta se se vai retirar e manifesta que aquí se acordan as cousas en pleno e despois non se fan, que xa non piden que collan a iniciativa senón que leven a cabo as que tomamos aquí polo menos. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non se lembraba diso, que pensou que iso xa se retirara no seu momento porque se aprobou no 2023, cree, ou 2024 a principios. Concorde o Sr. Concelleiro do BNG e engade a Sra. Voceira do PP que xa hai tempo que se tratou iso no pleno. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se lembra ven da moción e pregunta se a tiña que retirar o Concello ou o Arcebispado, porque nese tema enviouse a moción ao Arcebispado. O Sr. Concelleiro do BNG di que el tampouco lembra quen a tiña que retirar pero que o que sabe é que sigue alí dous anos despois.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Indica despois o Sr. concelleiro do BNG que tamén foi aprobado o da curva abaixo da casa da Sra. Concelleira e... Intervén entón a Sra. Concelleira para apuntar que non se esquece, que xa o tratará no pleno que corresponda, que no próximo POS tocará pedir. Insiste o Sr. Concelleiro do BNG en que se aproban as cousas no pleno e despois non se levan a cabo. Reflexiona o Sr. Alcalde en funcións que eses acordos, na medida do posible, hai que cumprilos, que para iso se aproban. Que no tema de Taboada non sabía se correspondía retirala ao Concello ou ao Arcebispado e que por iso o preguntou, que ten que revisar a moción a ver como é, se instaba a unha Administración ou ao clero á súa retirada. O Sr. Concelleiro do BNG manifesta que a quen instaba a retirala era ao Concello pero que o que non sabe é se o Concello é capaz de facelo el ou ten que falar co Arcebispado.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións deu as grazas a todas as persoas asistentes e levantou a sesión, ás dezanove horas e catorce minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor